

## 1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É un principio que rexe todo o ensino para lle proporcionar ao alumnado unha educación axeitada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. Procuraremos, na medida en que o permitan os nosos recursos e capacidades, desenvolver medidas flexibles para adaptarnos ás diferenzas individuais na aprendizaxe.

A diversidade maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... pero, sobre todo, nas propias capacidades da persoa: intelectuais, motrices ou sensoriais.

Deste xeito, adaptaremos esta programación do curso atendendo á diversidade:

- observando o alumnado e orientándoo para axeitar materiais didácticos ou realizar, se for necesario, adaptacións específicas segundo as dificultades detectadas nos primeiros meses do curso (problemas auditivos: hipoacusias, problemas visuais, neurofisiolóxicos, de mobilidade, psicolóxicos...), seguindo os informes e indicacións do grupo de orientación que informa das medidas máis axeitadas en cada caso;
- adecuando medios, espazos e actividades didácticas ás habilidades diversas que se detecten nas aulas seguindo as directrices do Equipo de Orientación Específico da Xefatura Territorial;
- avaliando a eficacia das medidas de adaptación desenvoltas e solicitando a súa reformulación se o consideramos necesario tanto aos orientadores como as administracións educativas responsables;
- adaptando as probas formais de avaliación con respecto ao tempo, materiais e recursos segundo as necesidades do alumnado que o requira polas súas condicións específicas e requirindo a modificación do marco legal para lograr a inclusión real a través das canles administrativas responsables;
- a través de titorías individualizadas, con dedicación dunha hora semanal por docente, nas que o alumnado poderá recibir asesoramento persoal sobre o seu progreso, materiais de reforzo e orientacións sobre as estratexias máis axeitadas para progresar na súa aprendizaxe;
- realizando probas de clasificación e recolocacións posteriores do alumnado que queira acceder a un nivel determinado por posuír experiencia ou coñecementos previos no idioma, sempre que non estivera matriculado na escola no curso pasado;
- empregando as TIC, como ferramenta esencial de autoaprendizaxe: a aula virtual corporativa Moodle con todas as posibilidades que ofrece: actividades, tarefas, traballos en grupo do alumnado, avaliación e autoavaliación, materiais ou links a recursos textuais, audiovisuais, blogs ou outras plataformas ou redes sociais. Complementada ou vencellada a outros recursos virtuais de aprendizaxe: blogs, newsletters ou redes sociais;
-

- dotando o fondo de material da Biblioteca do centro con grande variedade de recursos para practicar o idioma segundo o propio ritmo ou as necesidades de aprendizaxe, e promovendo tamén actividades de lectura e na biblioteca que dinamicen este espazo;
- planificando actividades, materiais didácticos e probas de exame (sempre que se solicite adaptación por parte do alumnado) diferenciados segundo ritmos de aprendizaxe;
- graduando a dificultade das actividades (ampliación, afondamento ou reforzo);
- procurando recursos diferentes que faciliten e se adapten ás necesidades individuais de aprendizaxe do alumnado;
- agrupando o alumnado na aula ou nas contornas virtuais (aula virtual, videoconferencias) para que poida desenvolver as tarefas e cumprir as funcións comunicativas de maneira colaborativa;
- programando as titorías concertadas con antelación co alumnado para traballar e orientar a súa aprendizaxe.

Se temos a posibilidade de planificar e desenvolver de xeito efectivo todas estes propósitos atendendo ás necesidades da sociedade actual, contribuiremos a eliminar a marxinación das persoas con diversidade funcional e a lograr un ensino - aprendizaxe inclusivo.